

ACTA DA REUNIÓN 24 DE SETEMBRO DE 2014 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN PARA A AMPLIACIÓN DO ESPAZO DE ALMACENAMENTO DO CPD E SERVIZO DE MANTEMENTO.

Presidente:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

Vogais:

D^a. Concepción Burgo López
Vicesecretaria da Mesa do Parlamento de Galicia

D^a. María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

D. José María Ameijenda Cuns
Director da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia

Secretario:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 9,30 horas do **24 de setembro de 2014**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración para a ampliación do espazo de almacenamento do CPD e servizo de mantemento.

Orde do día:

Punto primeiro: Comunicación sobre o informe de avaliación da documentación contida no sobre B.

Punto segundo: Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas").

Invítase a que accedan á sala os representantes presentes das empresas concorrentes:

D. Predrag Paucek (documento de identificación nº X1498188X), en representación de Internacional periféricos y memorias España, s.l.

D. Javier Pou Romay (dni nº 34433035E) en representación de Sistemas avanzados de tecnología, s.a.

Punto primeiro: Comunicación sobre o informe de avaliación da documentación contida no sobre B.

O presidente informa que non se efectúa a lectura do anuncio de licitación da contratación por terse cumprimentado este trámite na sesión pública de apertura dos sobres B celebrada o pasado 10 de setembro pero que, non obstante, se algún dos presentes o desexa, procederase á súa lectura. Ningún dos presentes o solicita.

Informa que da cualificación de documentos dos sobres A resultaron admitidas as empresas concorrentes:

- Internacional periféricos y memorias España, s.l.
- Sistemas avanzados de tecnología, s.a.

Polo tanto non resultou inadmitida ningunha empresa.

A continuación comunica que o 10 de setembro celebrouse sesión pública de apertura dos sobres "B" (Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor) e posteriormente a documentación neles contida foi trasladada á unidade administrativa competente do Parlamento de Galicia para a súa valoración. Logo de analizado o correspondente informe técnico de avaliación efectuado por esa unidade, que asume a Mesa de Contratación, determínase a atribución da seguinte puntuación:

- Internacional periféricos y memorias España, s.l.

ASPECTOS TÉCNICOS	PUNTOS
Inclusión de discos SATA de menor capacidade	10
Plan detallado de axuste de rendemento	8
Plan detallado política de calidade de servizo e configuración	6
Contido e horas de formación na xestión e configuración da cabina	7
Rendemento e número de portos de cobre da cabina	3
Rendemento e número de portos de fibra da cabina	3
TOTAL	37

- Sistemas avanzados de tecnología, s.a.

ASPECTOS TÉCNICOS	PUNTOS
Inclusión de discos SATA de menor capacidade	10
Plan detallado de axuste de rendemento	4
Plan detallado política de calidade de servizo e configuración	2
Contido e horas de formación na xestión e configuración da cabina	4,5
Rendemento e número de portos de cobre da cabina	1
Rendemento e número de portos de fibra da cabina	0
TOTAL	21,5

Punto segundo: Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas").

O Presidente invita aos presentes na sala a que examinen os sobres "C" presentados polas empresas concorrentes, e a que comprobem que se atopan pechados e nas condicións nas que foron entregados.

Informa de que poden efectuar, antes de proceder á apertura dos sobres, as manifestacións ou observacións que consideren oportunas; unha vez iniciada a apertura dos sobres, non se admitirán interrupcións. Informa tamén que a documentación contida nos sobres C será remitida ao servizo do Parlamento competente para a súa avaliación.

Procédese a continuación á apertura dos sobres presentados polas empresas concorrentes.

O secretario le en voz alta as ofertas presentadas:

- Internacional periféricos y memorias España, s.l.

	Subministración
<i>TOTAL</i>	82.236,44 €

	Servizo (importe total para os catro anos)
<i>TOTAL</i>	13.310,00 €

Incremento da capacidade de almacenamento	
SSD	0 TB
SAS	4,77 TB
SATA	12,4 TB

Incremento do número de portos de fibra nos switches	16 portos (8 portos por switch)
Incremento do número de portos activos de fibra nos switches	16 portos (8 portos por switch)

- Sistemas avanzados de tecnología, s.a.

	Subministración
<i>TOTAL</i>	59.142,73 €


	Servizo (importe total para os catro anos)
<i>TOTAL</i>	8.911,01 €

Incremento da capacidade de almacenamento	
SSD	<i>Realizado o cálculo en base 10 se proporciona un total de 720 GB e polo tanto un incremento sobre os 300 GB de 420 GB. Realizado o cálculo en base 2, se proporciona un total de 665 GiB e polo tanto un incremento sobre os 300 GiB de 365 GiB</i>
SAS	<i>Realizado o cálculo en base 10 se proporciona un total de 13,75 TB e polo tanto un incremento sobre os 10 TB de 3,75 TB. Realizado o cálculo en base 2, se proporciona un total de 12,5 TiB e polo tanto un incremento sobre os 10 TiB de 2,5 TiB</i>
SATA	<i>Realizado o cálculo en base 10 se proporciona un total de 57,6 TB e polo tanto un incremento sobre os 39 TB de 18,6 TB. Realizado o cálculo en base 2, se proporciona un total de 52,39 TiB e polo tanto un incremento sobre os 39 TiB de 13,39TiB</i>

Incremento do número de portos de fibra nos switches	<i>Cada un dos switches dispón de 48 portos, isto tradúcese en 32 portos de incremento por swich Facendo un total de 64 portos de incremento</i>
Incremento do número de portos activos de fibra nos switches	<i>Cada un dos switches dispón de 16 portos licenciados activos. Non hai incremento do número de portos activos.</i>

Unha vez abertos todos os sobres, o presidente anuncia aos presentes poden examinar a documentación contida nos sobres "C".

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 9,50 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.

 Miguel Ángel Santalices Vieira Presidente	 Concepción Burgo López Vogal
 María Aneiros González Vogal	 José María Ameijenda Cuns Vogal
	 Santiago González Serrano Secretario